

“O martirio de San Mauricio e a lexión tebana” (O Greco)



DATOS TÉCNICOS DA OBRA

AUTOR: O Greco

CRONOLOXÍA: 1580-1582 (década de 1580)

LOCALIZACIÓN: Mosteiro de O Escorial (Madrid, España)

ESTILO: pintura renacentista española do Manierismo

CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.

O **Renacemento** foi un estilo que admiraba a Antigüidade clásica, tratando de recuperar moitas das formas da cultura grecorromana, reinterpretándoas e adaptándoas á nova linguaxe artística en torno a dous conceptos: a **perspectiva e a proporción**.

O Renacemento desenvolveu nun contexto no que se impuxeron o **antropocentrismo** e o **Humanismo**, a burguesía acadou un importante papel como grupo social (cliente da arte), os artistas deixaron de ser meros artesáns, sendo agora protexidos polos chamados **mecenas**.

O novo estilo iniciouse en **Italia** no século XV, onde o Renacemento desenvolveuse en dúas fases: o **Quattrocento** (século XV), período no que se encadra a presente obra, e o Cinquecento (século XVI, sendo coñecido ao final desa centuria co termo Manierismo).

Entre os **principais trazos da pintura renacentista** hai que destacar: o interese pola **representación do Home e da natureza** co maior **realismo** posible (influencia da Antigüidade clásica); a aplicación da **perspectiva liñal ou xeométrica** para lograr o efecto de **tridimensionalidade**, utilizando arquitecturas e paisaxes, e xurdindo posteriormente a chamada perspectiva aérea; as **composicións harmónicas e equilibradas**, formando grupos pechados segundo formas xeométricas puras (como o triángulo); unha **rica e variada temática** (figuras humanas, retratos, escenas mitolóxicas, episodios históricos, arquitecturas, paisaxes...), non perdendo importancia os temas relixiosos (interpretados agora doutra forma); o emprego dunha **luz diáfana e homoxénea**, normalmente cenital; as **cores harmoniosas e complementarias**, etc.

En canto ás técnicas pictóricas, destacaron os grandes **murais pintados ao fresco** e os **óleos** sobre táboa e lenzo.

Doménico Theotocópoulos (1541-1614), máis coñecido como **O Greco** pola súa orixe naceu en Creta, illa onde recibiu a súa primeira formación pictórica, en contacto cos iconos, o que explica a influencia da **arte bizantina** na obra deste orixinal pintor.

Cara 1560, marchou a **Venecia**, metrópole artística e capital política dos cretenses. Alí convertíuse en discípulo de **Tiziano**, do cal obtivo recomendacións para poder traballar no resto de Europa. De Tiziano tomou o cálido cromatismo e algún rasgos técnicos, ao tempo que tamén recibiu influencias doutros pintores do momento como Veronés, dos irmáns Bassano (destes, as composicións e os escorzos, as grandes composicións divididas en estancias, os contrastes de brancos e negros...) e tamén de Tintoretto (o debuxo nervioso, ondulante e tenso).

Posteriormente, en 1570, trasladouse a **Roma**, centro da actividade artística italiana e importante centro de encargos por ser residencia do Papado. En Roma trabou relación con algún españois afincados na cidade, o que xunto ao atractivo de traballar no **Escorial** e a “competencia” con outras figuras importantes na pintura veneciana e romana, impulsaron a Theotocopoulos a viaxar a España.

Á súa chegada ao noso país, residiu un breve tempo en Madrid, trasladándose despois a **Toledo** para realizar o seu primeiro encargo importante, o retábulo de Santo Domingo o Antigo. Pero os seus desexos de ingresar no círculo de pintores de **Filipe II** animaron ao artista a presentarlle ao rei o cadro de “A adoración do nome de Xesús”. Conseguiu así por encargo do monarca o presente tema de “O Martirio de San Mauricio”, destinado á igrexa do Mosteiro de O Escorial. Cadro no cal O Greco quixo introducir tantas novidades, que non lle gustou ao monarca, sendo reemplazado por outro pintor.

Despois deste inicial contratempo, O Greco decidiu instalarse en **Toledo**, onde recibiu numerosos encargos, pintando as súas obras máis importantes e coñecidas, como “A Trindade”, “O Expolio” ou “O enterro do Conde de Orgaz”.

O Greco é un artista con rasgos manieristas xunto a características peculiares que o convirten nun pintor moi persoal e orixinal, cun estilo propio e inconfundible.

–Utiliza o **alongamento das figuras** para dar unha maior expresividade a éstas, dotándoas dunha gran espiritualidade. A obra do Greco foi unha constante búsqueda das expresións místicas e das formas etéreas, ingravidas, que se elevan nun movemento ascensional, como dotadas dunha enerxía espiritual que as fai levitar.

–Evidencia claras influencias da **Escola Veneciana**, no emprego da cor, e do control do debuxo (aprendido de Miguel Anxo).

–Amosa unha importante **transformación** na súa obra cando se instala definitivamente en Toledo: na súa obra da etapa italiana abundan as paixases, as figuras son robustas, con paños cubrindo os corpos, emprega cores cálidas e as composicións aparecen recargadas nunha zona da tea, mentres que o lado contrario está baleiro de figuras. En España, o pintor substitúe as paixases por **“celaxes”** (ceos poboados de nubes con diferentes matices, cheos de luces como en medio dunha tormenta). Excepcionalmente, O Greco pinta paisaxes de Toledo, pero coa cidade dende un punto de vista onírico, pantasmal e distorsionado.

–As figuras **alónganse máis**, reducíndose moitas veces a formas “huesudas”, cos paños e vestimentas flotando, afirmándose aínda máis a sensación de “delgadez” dos corpos.

–As **cores pasan a ser agora frías** (grises, verdes agrios, azuis “plomizos”), máis axeitados para plasmar as súas visións místicas.

–A composición segue sendo **manierista**, a falla de espazo tende a impulsar os corpos cara ao alto, provocando unha sensación “agobiante”.

ANÁLISE FORMAL DA OBRA.

Centrándonos na obra a comentar, hai que ter en conta que o pintor Navarrete o Mudo falecera en 1579, o que levou á urxente necesidade por parte de Filipe II de contratar pintores que continuaran coa decoración pictórica do gran proxecto de **O Escorial**.

Nun principio, o rei español elixiu ao Greco como un dos artistas consagrados para traballar nos retábulos da basílica, encargándolle en concreto o que se instalaría nun dos altares laterais, co tema adicado ao **Martirio de San Mauricio e a Lexión Tebana**, unidade militar romana que mandaba. San Mauricio, considerado un dos santos patróns na loita contra a herexía (e con reliquias daquela conservadas na igrexa do Escorial), era un tema moi axeitado para completar a decoración deste recinto.

Segundo a tradición, no século III **San Mauricio** era o comandante dunha lexión romana, na que todos os seus soldados eran cristiáns. Durante a súa estancia nas Galias, recibiron a orde do emperador Maximiliano de realizar unha serie de sacrificios aos deus romanos. Ao negarse aqueles, foron todos executados, martirizándose a un total de 6.666 soldados.

O Greco quixo aproveitar a oportunidade que se lle brindaba con este encargo para mesturar unha historia primitiva do **cristianismo** (de orixes lexendarias), cunha serie de acontecementos contemporáneos, da época do **reinado de Filipe II**.

A **figura de San Mauricio** (con barba e vestido cunha coiraza azulada), aparece na zona dereita do lenzo, nun primeiro plano. Está acompañado polos seus oficiais, no momento de decidir se efectúan ou non o sacrificio aos deuses pagáns. Á súa esquerda, podemos contemplar a San Exuperio co estandarte vermello.

Xunto a eles atópase un home con barba, vestido con túnica, e identificado con **Santiago o Menor** (quen convertera a toda a lexión ao Cristianismo). Entre os militares que acompañan a San Mauricio e San Exuperio, o pintor representa a **importantes personaxes da época** e ao servizo do rei de España: o **Duque Enmanuel Filiberto de Savoia**, o individuo de idade máis avanzada, e que comandara ás tropas españolas na Batalla de San Quintín e Gran Mestre da Orde Militar de San Mauricio. Á súa dereita, máis cerca do santo, sitúase **Alejandro Farnesio**, Duque de Parma, quen neses momentos estaba loitando nos Países Baixos españois contra os holandeses.

Nos **planos do fondo**, onde se desenvolve propiamente dito o **martirio**, atopamos o retrato de **Don Juan de Austria** (fillo natural de Carlos V, irmanastro de Filipe II e vencedor da Batalla de Lepanto). Se nos fixamos, todas as figuras visten uniforme militar do século XVI, unindo así dous feitos relevantes: a loita dos xenerais españois contra o paganismo e contra a herexía, tal como fixera no seu momento San Mauricio.

Nun **segundo plano** contemplamos o episodio central do tema: o **martirio**, cos lexionarios situándose en ringleira, vestidos con túnicas semitransparentes ou espidos, esperando tranquilamente o turno para ser executados.

O **verdugo** sitúase de costas a nós, sobre unha rocha, e xunto a el vemos de novo a San Mauricio, reconfortando aos seus homes e agradecéndolles o seu sacrificio. Un home degollado reforza a idea do martirio, exhibindo un forte **escorzo**.

A parte superior do lenzo complétase cun "Rompimento de Gloria", formado por anxos músicos, mentres que outros portan palmas e coroas de triunfo (símbolos do martirio).

Estas figuras tan escorzadas contrapóñense á quietude da zona principal. A escena desenvólvese nun pedregal, esquecéndose O Greco totalmente de situar o episodio nun lugar máis axeitado, xa que o pintor está máis interesado por potenciar a **espiritualidade** da escea.

Sen embargo, o feito de relegar o martirio a un segundo plano, colocando a decisión de San Mauricio e os seus oficiais nun plano máis cercano ao espectador, provocou o **rexeitamento de Filipe II**, quen criticou a falta de devoción que, ao seu entender, inspiraban as figuras do cadro. Por iso, esta obra foi substituída por outro da mesma temática do pintor italiano Rómulo Cincinnato, máis do gusto do rei español.

O Greco esforzouse por facer unha **obra sofisticada**, de estilo **manierista**. De aí as figuras de costas a nós, os escorzos, ou as **diagonais** que se observan na escena. Son figuras claramente **inspiradas en Miguel Anxo**, cun canon escultórico que se deixa ver na anatomía baixo as coirazas. Son figuras coa cabeza pequena e pernas curtas en relación co amplo busto que amosan. As **cores** son as típicas na obra deste autor: amarelos, azuis, verdes, vermellos, inspirados na **Escola**

Veneciana. As cores teñen a súa carga simbólica (San Mauricio porta o vermello do martirio e o azul da eternidade). Sobre estas cores cae a luz, contrastando as zonas iluminadas con outras en semipenumbra. A luz é un elemento fundamental no Greco, xa que grazas aos focos de iluminación, o artista destaca o que lle interesa, existindo un claro núcleo que ilumina e destaca o martirio, e que procede da parte superior (**Rompimento da Gloria**).

CONCLUSIÓN:

Finalmente indicar, que en pouco menos de 5 anos o Greco entrara en contacto cos dous clientes artísticos españois máis importantes: o rei e a Catedral de Toledo. A partir deste momento, o pintor buscaría a súa **clientela** entre a nobreza e o clero **toledanos**, quen sí comprenderon e estimaron a **orixinalidade deste artista universal**.